

DOG Nº 9 , 15 de xaneiro de 2010

Resolución do 11 de xaneiro de 2010, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as axudas e subvencións correspondentes aos programas de apoio infraestrutural ás comunidades galegas no exterior para o exercicio 2010

ORGANISMO

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios destas axudas as entidades galegas que teñan recoñecida a galegidade ou a condición de centro colaborador.

****Ademais, ás entidades que presenten solicitude ao abeiro do Programa C. Axudas para o acondicionamento e dotación e/ou renovación de fondos das bibliotecas pertencentes ás entidades galegas no exterior, esíxeselles que dispoñan nas súas instalacións de biblioteca propia.**

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Programa A. Axudas a entidades galegas no exterior para a reforma, reparación, conservación e mantemento das súas instalacións.

Programa B. Axudas a entidades asociativas de emigrantes galegos no exterior para a mellora de dotacións e equipamentos

Programa C. Axudas para o acondicionamento e dotación e/ou renovación de fondos das bibliotecas pertencentes ás entidades galegas no exterior.

CONTÍA

Para a concesión das axudas previstas nesta resolución resérvase inicialmente un crédito total de 1.500.000 €, con posibilidade de ampliación.

PRAZO

O prazo de presentación de solicitudes será de **corenta e cinco días naturais** contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.